

O primeiro libro dun novo poeta, Aleixandre Lago, Premio do Concello de Vilalba



FICHA TÉCNICA: 86 pp . 14 x 19 cms.


ISBN 978-84-16460-57-1

Ilustrado. PVP: 11,00 €

SANTIAGO DE COMPOSTELA, ABRIL DE 2019.-
Obra gañadora da edición nº 44 do veterano
Certame Literario do Concello de Vilalba
(Lugo). Leva por título CARTAFOL DE MIRAXES
e o seu autor é un novo poeta –e esta é a súa
primeira obra–, Aleixandre Lago Barcala (A
Coruña, 1992).

Consta de 43 poemas onde cada palabra e
cada son da música poética están pensados e
ubicados no seu preciso lugar. CARTAFOL DE
MIRAXES é un libro de desenganos e de espe-
llismos. Así o resume o autor: “expreso unha
serie de desenganos respecto das ilusións, va-
gas e narcistas, que se fai un cando é peque-
no, respecto de ideas como o amor, a morte,
o tempo... Ideas que, ao medrar, un vai vendo
que son espellismos”.

En canto aos aspectos formais, a poesía de
Aleixandre Lago combina composicións
tradicionais coma o soneto co verso libre e
métricas diversas, pero sempre atendendo a
esa fonda musicalidade da palabra escrita.
CARTAFOL DE MIRAXES está ilustrado con tra-
ballos de Álvaro Peleteiro (collage de portada)
e Antonio Reboredo (ilustracións interiores).



ALEIXANDRE LAGO BARCALA. Nado na Coruña
en 1992, fixo estudos de Filosofía en Barcelona e
Filoloxía Clásica en Compostela, e ata hoxe vive
entre as tres devanditas cidades. Colaborou coa
compañía Teatro do Atlántico en tarefas técnicas,
administrativas e artísticas. Traduciu para ela
o texto “Dues dones que ballen” de J. M. Benet i
Jornet, e participou no recital “De abrentes e oca-
sos”, como intérprete e mais na escolma de textos.
Colaborou con artigos de crítica na revista dixital
Parafernalia. En 2014 obtivo o primeiro premio no
XV Certame de Poesía Díaz Jácome de Mondoñe-
do. *Cartafol de miraxes*, gañador do XLIV Certame
Literario de Vilalba, é o seu primeiro libro.



Para contactar co autor: **Aleixandre Lago Barcala 626-45-97-56, xandrefantasy@hotmail.com**



Nota de Prensa

NOVIDADE
EDITORIAL

EDITORA
alvarellos

título
nota
de
prensa

**Udis ea comnistem eu-
mquos endistotatum ea
nemperae est, alibus, qui-
delent. Poreste nesequam
aliquas dolorum suntios-
tem eum in est, simperum,
offic tet pariat.**

FICHA TÉCNICA: 302 pp | 13 x 17,5 cms.
ISBN 978-84-16460-34-2 | PVP: 18,00 €
Cosido con hilo. Capa con sobrecubierta.

